



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN FILLOS DE OURENSE-FUNDAOURENSE DE VENEZUELA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Fundación Fillos de Ourense-Fundaourense de Venezuela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco de colaboración para a concesión dunha axuda á Fundación Fillos de Ourense (FUNDAOURENSE) co fin de contribuír ó financiamento dos servizos de residencia e/ou de atención asistencial de urxencia as persoas de orixe galego residentes en Venezuela que por razóns de idade, marxinalidade, carencia ou de dependencia se atopa en situación de necesidade e ós que non se pode chegar a través doutros mecanismos de colaboración.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

En Venezuela existe unha gran colonia de emigrantes españois, na súa maioría galegos ou descendentes, dentro da que se atopa un importante colectivo, en especial de xente maior ou carenciada, con necesidades urxentes de atención, ó que no é posible chegar a través doutros instrumentos de colaboración, que dadas as súas especiais circunstancias e a situación social e política que vive o país, precisan da atención da Xunta de Galicia para que poidan acadar unhas condicións de vida digna.





Fundaourense é unha entidade xurídica civil sen fin de lucro, de carácter esencialmente benéfico, médico, de asistencia e protección social, radicada en Caracas, que exerce a súa actividade en todo o territorio da República Bolivariana de Venezuela, e ten como obxectivos primordiais, entre outros, a protección a infancia, ó ancián e a solución de problemas sociais.

Na actualidade esta fundación está a desenvolver unha importante labor social asistencial orientada a atención a persoas en situacións extremas de marxinalidade, de pobreza ou de abandono, destacando a búsqueda a través dun grupo de voluntariado de persoas de orixe galega que poden atoparse nesa situación, tanto na rúa coma en institucións públicas, hospitais, residencias, fogares, etc, ós que lles presta axuda alimenticia, produtos de hixiene, medicinas, roupa ou simplemente compañía, no caso de anciáns con falta de protección familiar.

Para o financiamento das actuacións previstas, a Secretaría Xeral da Emigración achegará coarenta mil euros (40.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica na pretensión de dar apoio á colectividade de emigrantes galegos, residentes en Venezuela, que por cuestións de marxinalidade, cercanía, idade e/ou circunstancias socio familiares, presentan problemas asociados a súa circunstancia persoal, por razóns de carácter social e humanitario.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos





contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a dezanove de xuño de 2018.

